

# A MEMORIA TEN CANTEIRA



***Quero abrir a fenda, cavar nos eidos da memoria confiscada,  
Que teñan nome as vítimas,  
Que figuren na historia os asasinados cos seus rostros  
verdadeiros***



VOZ DE LAMOSO DE POSTEMIRÓN  
XOSE MARÍA CÁCCAMO

\*Poeta integrante do colectivo A Regaduxa,  
Memoria Histórica de Vilaboa\*

04. Quen somos?
06. Que facemos no Canteira Fest?
08. Por que é necesaria a memoria?
09. Que pode facer a xente moza pola memoria?
10. Como debemos traballar pola verdade?
11. Como axuda a memoria a darlle visibilidade ás mulleres?
12. Quen era Rosario Hernández, a Calesa?
14. Quen era Carmen Pesqueira, a Capirota?
16. Quen era María Gómez?
18. Quen era Ernestina Otero?
20. Quen era Placeres Castellanos?
22. Quen era Juana Otero?
24. Que mentiras agocha o relato franquista?
26. Onde habita o silencio?
27. Que lles pasou aos canteiros?
28. Houbo “topos” en Vilaboa?
29. Como foi a represión contra as mulleres en Vilaboa?
30. Houbo unha Vilaboa resistente?
31. E unha Vilaboa solidaria?
32. Atesoura memoria Vilaboa?
34. Pero estas cousas do pasado, que teñen que ver con nós?



# QUEN SOMOS?



O departamento de Memoria Histórica está encadrado dentro do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, e traballa cun dobre obxectivo. Por un lado, recuperar a memoria silenciada polo golpe de Estado de 1936 para retomar a identidade colectiva a través da historia de persoas e organismos que traballaron por unha sociedade máis igualitaria e que viron o seu soño truncado. Por outro lado, loitar contra a impunidade do réxime franquista, apoiando e adoptando canta medida sexa precisa para recoñecer e reparar a memoria das vítimas do golpe do 36, da posterior ditadura e dos anos da Transición. Para isto, realizamos tarefas de investigación, asesoramento, divulgación e homenaxe.

A nosa intención non é poñer o acento só no martirio das vítimas e as súas familias. Queremos coñecer as súas biografías e poñer en valor as súas ideas para transmitir, con rigor, como foi esa xeración de principios do século pasado que loitou por legarnos un país mellor e que ficou desbaratada polo golpe de Estado. Nesta liña creamos o programa “O pasado por vir”, porque entendemos que debemos coñecer a fondo os seus proxectos para ser quen de construír unha sociedade mellor, máis xusta, e libre do rexurdimento do ideario fascista.



**VISITA A NOSA WEB**





# QUE FACEMOS NO CANTEIRA ? *Fest*



Dende o departamento de Memoria Histórica queremos achegarnos a todos os sectores da poboación, pero nomeadamente á xente moza, e por iso intentamos buscar escenarios, linguaxes e formatos alternativos que nos posibiliten abordar esta temática de xeito ameno.



De aí parte a idea de facer libros de banda deseñada, de poñer en escena pezas teatrais, de gravar vídeos musicais ou de promover obradoiros que ademais de informar, sirvan para fomentar un pensamento crítico, que non só rompa co silencio senón tamén coas mentiras impostas pola ditadura durante tantas décadas.

O Canteira Fest é un festival con valores, comprometido co feminismo, a diversidade ou a vindicación das vítimas do franquismo, como está demostrando coa inclusión na edición de 2022 do noso Espazo de Memoria. Como di o noso lema, está claro que a memoria ten canteira! E falta que fai, porque coñecer a nosa historia recente non é só un acto de xustiza co pasado, é unha obriga cara ás xeracións futuras.





# POR QUE É NECESARIA A MEMORIA?

Nos anos 30 do pasado século, toda unha xeración foi represaliada por pretender legarnos un mundo mellor, máis equitativo e xusto, onde quen máis tiña non seguisse medrando a costa da fame das familias humildes. Soñaron con outro tempo, que aínda está por vir, e pagárono moi caro. Así que ficamos en débeda. Debémolles a memoria ás vítimas e ás súas familias, e temos o convencemento de que o seu exemplo de loita vainos servir para construír unha sociedade mellor para as xeracións futuras, que teñen dereito a coñecer o pasado de xeito veraz.

Durante décadas o franquismo impuxo un relato de loa á ditadura, incompatíbel cunha sociedade democrática, que condenaba ás vítimas ao silencio e o que é peor, ás inxurias propagadas polos represores. Contra ese silencio e esas mentiras loitamos. Queremos a verdade, a xustiza e a reparación esixidas pola legalidade internacional para garantir que feitos como os ocorridos tras o golpe de 1936 non se repitan. As administracións incumpren reiteradamente esas esixencias, o que provoca continuas reprimendas por parte de organismos supranacionais como a ONU. Nós si que queremos cumprir. Por iso estamos aquí.





# QUE PODE FACER A XENTE MOZA POLA MEMORIA?

Para avanzar na loita contra o silencio e a impunidade franquista é imprescindible que a mocidade tome o relevo nesta carreira pola memoria, na que a primeira xeración, a que viviu o golpe, foi masivamente calada co terror nas gabias, e a seguinte calou empurrada polo pacto familiar de silencio: “Disto, filla, non se fala”. Porén, na xeración neta, a nacida ao compás da morte do ditador, xurdiu unha idea que a xeración bisneta ten aínda máis clara: o compromiso real con que nos precedeu non é manter o silencio, senón traballar en prol da memoria e contra a impunidade dos crimes que tanto sufrimento causaron .

A mellor ferramenta para facelo é o coñecemento: afondar no verdadeiro relato desde un pensamento crítico. Analizar en vez de repetir dogmas, tal e como ensinaba a escola republicana. Naquel tempo, considerábase a educación unha peza fundamental para acabar coa desigualdade e por iso, a primeira gran reforma que puxo en marcha o goberno tras a proclamación da II República, o 14 de abril de 1931, foi a do ensino: todos os nenos, e tamén todas as nenas, tiñan dereito a ir á escola independentemente dos cartos que houbera na casa. Iso, que hoxe nos pode parecer obvio, daquela era todo un avance, sobre todo para elas, pois as rapazas axiña abandonaban as aulas para axudar coas tarefas da casa ou o coidado das crianzas que seguían nacemento na familia. Tanto é así que, cando chegou o século XX, nove de cada dez galegas eran analfabetas e por iso a República promoveu tamén a cultura entre a poboación adulta con iniciativas como as Misións Pedagóxicas, que levaban bibliotecas ambulantes, teatro ou monicreques polas aldeas do país. Mais todo iso quedou desmantelado por un golpe de Estado que era máis de “la letra con sangre entra”.



# COMO DEBEMOS TRABALLAR POLA VERDADE?

Malia os avances, o tempo que precedeu ao golpe de Estado foi demonizado polos golpistas. As vítimas convertidas en verdugos, os verdugos en vítimas. Para xulgar a historia hai que coñecela e por iso é necesario desmontar con datos todas as mentiras que impregnaron o relato durante décadas, e estudar os longos anos de represión franquista con perspectiva de país, xénero e clase. Porque coas vítimas máis coñecidas, aquelas que lideraron agrupacións ou ocuparon cargos na administración republicana do noso país, están tamén as de clase obreira, traballadora, que de igual modo viron a súa vida esmagada por defender o réxime democrático republicano, malia ser menos coñecidas. E nese descoñecemento destacan as mulleres, que sumaron ao silencio que caeu sobre todas as vítimas do franquismo, o manto de invisibilidade que agocha o protagonismo feminino en todas as etapas da historia.

# COMO AXUDA A MEMORIA A DARLLE VISIBILIDADE ÁS MULLERES?

Precisamente contra a invisibilidade das mulleres loita o programa de actividades do Canteira Fest. E desde o departamento de Memoria Histórica queremos unirnos a esta loita achegándonos á historia da represión franquista sobre as mulleres a través de exemplos concretos do sucedido con algunhas delas. É certo que a maioría das persoas asasinadas ou encarceradas no país foron homes pero tamén houbo galegas paseadas, fusiladas, e detidas tanto pola súa propia implicación política ou sindical como polo mero feito de estar emparentadas con homes perseguidos. Ademais, o franquismo ideou contra elas castigos especialmente sexistas, como violalas, raparlles o pelo, obrigarlles a inxerir aceite de rícin para que fixeran as súas necesidades en público, ou tatuarlles a pel para marcalas como rojas, por exemplo gravándolles as siglas UHP (acrónimo de Unión de Hermanos Proletarios) ou as cruces da Igrexa católica, cómplice do bando golpista.

Na nómina das vítimas debemos engadir tamén a todas esas mulleres que non sufriron a represión na súa propia pel pero que viron as súas vidas truncadas pola morte do esposo, do fillo ou do pai. Á dor da perda houbo que sumarlle, en moitos casos, a situación de desamparo económico provocada pola ausencia de quen traía o principal sustento ao fogar e das dificultades que tiñan as viúvas e as fillas dos asasinados para atopar traballo. Nin dereito ao pan tiñan as familias republicanas. Nin ao pan nin ao dó. Choraban corpos enterrados en foxas comúns ou desaparecidos para sempre, pode que fondeados no mar, como pasou en moitas zonas costeiras; como lle pasou a Rosario Hernández, a *Calesa*.



# QUEN ERA ROSARIO HERNÁNDEZ, A CALESA?



*Rosario Hernández*  
*A Calesa*

Rosario Hernández era unha rapaza de vinte anos que vendía xornais na rúa do Príncipe de Vigo. Tiña ideas socialistas que a levaron a achegarse á UXT e ás Juventudes Socialistas Unificadas, seguindo os pasos do seu pai, que era ferroviario e estaba afiliado ao sindicato. Rosario atopou na República a esperanza de que as cousas mellorasen para a xente humilde, como ela, como a súa familia. Por iso saía nas manifestacións obreiras co seu abrigo vermello. E por iso, cando foi do golpe, temeu que os falanxistas foran buscala e agochoouse. Descubrírona ao cabo dunhas semanas e levárona ao frontón da cidade. Eran tantas as persoas detidas por non comungar co novo réxime que os cárceres quedaron pequenos e pavillóns deportivos, centros culturais ou colexios ficaron convertidos en celas.



A irmá de Rosario, Ramona, leváballe de comer. Pero un día xa non a atopou. Un grupo de rapaces novos, afiliados á Falange, sacáрана do cárcere, violáрана repetidamente e asasináрана para logo tirar ao mar o seu cadáver cos peitos mutilados e atado a unha prancha de ferro. A ría de Vigo converteuse no cadaleito perpetuo da Calesa. E se sabemos da súa historia foi porque os mesmos que a mataron, convertidos en donos das vilas e ata das vidas, gabábanse nas tabernas do que lle fixeran a esa roja. Co recordo á Calesa queremos homenaxear todas as mulleres que o fascismo asasinou en Galiza por ter ideas.



**QUEN ERA CARMEN PESQUEIRA,**

**A CAPIROTA?**





# Carmen Pesqueira

## A Capirota

A Rosario matárona só por loitar polas súas ideas. Esa foi a razón do asasinato da maioría das vítimas masculinas. Porén a maioría das mulleres da nosa provincia foron asasinadas por ser solidarias con homes perseguidos. En moitos casos nin sequera estaban afiliadas a partido ou sindicato ningún pero matáronas por darlles acubillo e comida a fuxidos, ou por revolverse contra a barbarie que se estendía con total impunidade polas vilas. Foi o que pasou, por exemplo, no caso de Carmen Pesqueira, a Capirota, unha lavandeira de Marín de vinte e nove anos que foi sacada da súa casa e asasinada na noite do 18 de agosto de 1936, no mesmo día en que ela se enfrontara a un grupo de falanxistas que batían sobre un home maior por non erguer a man en saúdo fascista.



Conta a memoria do pobo que ía coa súa cesta de roupa camiño ao lavadoiro cando, na rúa da Ponte, atopouse coa escena. Os fachendosos mallando no vello mentres todo o mundo calaba por medo. Ela non. Enfrontouse a eles e esa noite foron buscala á casa, deixando só e axiña orfo ao seu neno de catro anos. Levárona a Mogor, en Marín, con outra muller, Dolores Blanco, que era sindicalista. As balas só feriron a Dolores nun brazo pero a Carmen quitáronlle a vida. Logo, os seus asasinos pasearon o seu corpo nunha camioneta por toda a contorna para sementar o terror. Para que a xente soubese o que lle pasaba a quen ousaba enfrontarse a aqueles asasinos. A Capirota representa a todas as mulleres que foron vítimas da barbarie fascista por ser solidarias.

# QUEN ERA MARÍA ? GÓMEZ



O golpe de estado foi un castigo para todas as galegas pois puxo fin a unha época de importantes avances. Foi durante a II República que se aprobou o voto feminino, empezando a equipararse os dereitos das mulleres cos dos varóns. Aínda así, eran moitas as diferenzas pois, en xullo de 1936, apenas había unha alcaldesa en toda Galiza.

Era María Gómez González, que gobernaba o concello pontevedrés de A Cañiza. Aínda que militaba en Izquierda Republicana, que non era, nin moito menos, a formación máis radical da coalición que vencera nas eleccións estatais de febreiro de 1936, o Frente Popular, Maruja, como lle chamaban na casa, foi condenada a morte, e aínda que logo lle conmutaron a pena máxima, tivo que pasar os seguintes anos no durísimo penal vasco de Saturrarán, un dos cárceres de mulleres máis terríbel de todo o franquismo.

A vitoria dos golpistas na guerra civil española e o posterior establecemento dunha ditadura de corenta anos, volveu relegar ás mulleres ao ámbito doméstico. Mentres que a República deu pasos para incorporalas a todos os eidos da vida social, incluída a participación política, o franquismo avogou por privarlas de calquera papel na sociedade.

A única misión que tiña para elas era a de ser boas nais e esposas e, de feito, non podían decidir por si mesmas se querían traballar fóra da casa. A maioría perdía o seu posto ao casar e se algunha conseguía un emprego, o contrato tiña que ser asinado polo esposo.

Elas non podían ter unha conta no banco, nin vender propiedades herdadas do seu pai sen intervención marital. Eran tratadas como cativas, como menores de idade, necesitadas sempre da tutela dun varón. María Gómez representa a todas as mulleres que foron perseguidas polas súas ideas, e que viron os seus avances e máis as súas vidas truncadas polo fascismo.





**QUEN ERA**

# **ERNESTINA OTERO?**





A ditadura mudou completamente o ensino. Xa non se avogaba porque as mulleres tivesen posibilidade de alfabetizarse e as nenas dereito á escola por moi pobre que fose a súa familia. Ao novo goberno preocupáballe pouco se aprendían ou non. A prioridade era queoubesen cociñar e pasar o ferro. Por iso, o lugar onde se formaba os mestres e as mestras da provincia, a Escola Normal de Pontevedra, foi convertido en cárcere no verán do 36.

A propia escola foi vítima da represión pois a liberdade de cátedra daquel profesorado republicano que consideraba importante a experimentación, que a rapazada aprendese a pensar por si mesma, foi substituída polos dogmas relixiosos e as consignas da ditadura.

Ernestina Otero fora a directora da Escola Normal de Pontevedra, e tras o golpe de estado foi depurada. Chamábase así, “depurar” a apartar das aulas a todas as mestras que non encaixaban co modelo franquista. Tamén se depurou homes pola súa militancia política ou sindical, pero nelas mirábanse ademais as compañías que frecuentaban, se tiveran descendencia estando solteiras ou se ían á misa. Eles eran “delinquentes” por facer política. Elas “pecadoras” por non seguir as estritas regras morais da Igrexa. Ernestina representa a todas esas mestras talentosas xulgadas coa estreita mira dos franquistas. Pero tamén representa as mulleres solidarias, pois logo de ser afastada das aulas, logo de que o seu home, Manuel Pereira, morrese de tanto sufrimento e tanta aldraxe, ela converteu a rebotica da súa farmacia de Redondela nun lugar onde facer empanadas e lavar as roupas dos presos da illa de San Simón, tamén habilitada como cárcere no tempo do medo. Ernestina representa todas as mulleres solidarias que, malia o medo, non dubidaron en prestar axuda a quen máis o precisaba.

QUEN ERA

# PLACERES CASTELLANOS

# ?





Ademais de solidarias, as mulleres foron resistentes. Axudaron os homes que andaban fuxidos, foron enlace dos guerrilleiros e mesmo houbo galegas que se integraron en partidas da guerrilla, como Marita Gallego Abeledo, que chegou a ser comisaria política da IV agrupación guerrilleira. Mesmo houbo galegas loitando contra o nazismo na II Guerra Mundial. Como Mercedes Núñez, que tras pasar polo cárcere de Ventas polo seu compromiso coa loita antifranquista, cruzou a Francia e en maio de 1944 incorporouse á Resistencia. Pero foi detida polos alemáns e acabou no campo de concentración de Ravensbrück. Tras a liberación do campo, o 14 de abril de 1945, prestou testemuño no proceso contra o nazismo. Morreu en Vigo en 1986.



Como Placeres Castellanos, que era unha veciña de Ponte Caldelas á que os fascistas lle mataron o home, Víctor Fraíz, e un fillo, Víctor tamén, cando foi do golpe de Estado. Daquela ela estaba en Madrid, participando nun congreso do PSOE. Mentres que Galiza foi axiña tomada polos golpistas, Madrid resistiu ata 1939 e Placeres mergullouse na defensa do goberno republicano. Fixo tarefas de prensa e, unha vez rematado o conflito bélico, seguiu loitando contra o nazismo como integrante da Resistencia francesa. Placeres representa as mulleres que malia o medo foron resistentes e se enfrontaron conafouteza ao fascismo. É o noso particular agradecemento á loita que emprenderon dentro e fóra do país.

# QUEN ERA JUANA OTERO?



*"Para que a historia nunca esqueza  
o que nos fixeron"*

A memoria foi outro xeito de resistir. A ditadura impuxo un relato tramposo, onde os verdugos querían aparecer como vítimas e as vítimas eran demonizadas, culpabilizadas de todos os males pola arela de acadar xustiza. E as mentiras ficaron durante décadas e chegaron ata hoxe disfrazadas de relato oficial, de verdade absoluta. Só a memoria gardou o auténtico relato, o que agochan os silencios e deturpan as mentiras. A memoria das familias, murmurada en voz baixa dentro da casa, e transmitida á descendencia, sobre todo a través de voces de muller.



Juana Otero fixo algo máis. Logo de ser rapada no cuartel de Vilagarcía, pediulle a un familiar posuidor dunha cámara, que lle quitase unha foto “para que a historia nunca esqueza o que nos fixeron”. Para que a historia nunca esqueza o que lles fixeron. A súa foto, rapada, é un dos grandes símbolos da memoria resistente da Galiza, que reflicte os castigos sexistas que padeceron as mulleres pero, sobre todo, que homenaxea a todas as mulleres que transmitiron a memoria.

Como a súa sobriña, Mariví Villaverde, filla do deputado republicano e alcalde de Vilagarcía, Elpidio Villaverde. Mariví levou a histórica foto na maleta do exilio e logo tróuxoa de volta a Galiza, e pasou o resto da vida denunciando o que o franquismo lle fixera ao país. Esa memoria, de Juana e de Mariví, é a que queremos homenaxear hoxe.



*Mariví Villaverde*





# **QUE MENTIRAS AGOCHA O RELATO FRANQUISTA?**

Construíron unha verdade paralela e retorceron o relato e a linguaxe ata darlle a volta ás cousas. Só así se entende que quen se levantara en armas contra o goberno legalmente constituído xulgara, e mesmo condenara a morte, a quen defendía a legalidade, baixo a acusación de “rebelión”. E escoitamos unha e outra vez falar de guerra civil nunha Galiza na que non houbo fronte, só represión xenocida. Así que as nosas vítimas non son mortos na guerra, son persoas asasinadas, fusiladas ou paseadas. Escoitamos como se equipara os dous bandos, como se o conflito xurdise porque houbo dúas partes que non pensaban igual e acabaron a tiros. Cando a realidade é que houbo un golpe de Estado ao que se opuxeron o pobo e os militares afíns á legalidade republicana. Golpe de Estado. Nin glorioso movemento nacional, nin alzamento. Un golpe dado por boa parte do exército, apoiado polo capital e a Igrexa, contra unha República que, coas eivas de calquera sistema de goberno, pretendía reducir as desigualdades a través, sobre todo, do ensino, da cultura e dun reparto máis xusto das riquezas, respectando as distintas identidades englobadas no Estado.



Como conta a poeta Marina Oural no documental *Acorda*, promovido polo noso departamento de Memoria Histórica, “as vítimas están obrigadas a confundir perdón con esquecemento. Desmemoria con reconciliación” e non podemos seguir deturpando conceptos como tolerancia e convivencia para perpetuar a mentira e a impunidade. Construamos un relato xusto, no que estean tamén no lado das vítimas, ou polo menos da xente inocente, todos os galegos obrigados a loitar nun bando que non reflectía para nada as súas ideas. E deixemos de perpetuar a historia tantas veces repetidas de que se matou a persoas que defendían a legalidade republicana porque querían quitarlles a moza ou roubarlles a leira. A realidade é teimosa e reflicte que sabían moi ben a quen mataban: á xente do movemento obreiro, do galeguismo, das sociedades agrarias. Á xente que quería poñer fin a un caciquismo que a ditadura franquista elevou á máxima potencia, orquestrando un enorme espolio.

# ONDE HABITA O SILENCIO ?

O silencio non só se abateu sobre as persoas. Tamén sobre os lugares onde houbo represión. Lugares que acolleron asasinatos como A Caeira, en Poio; a Ponte do Regueiro na Estrada; Angueiro, en Cangas; o cemiterio de Ponte Sampaio ou A Regaduxa en Vilaboa. Lugares de prisión como a Escola Normal de Pontevedra ou a illa de San Simón, que malia que foi presidio desde o outono de 1936 ata a primavera de 1943, non está na actualidade significada como lugar de memoria e acolle actividades pouco respectuosas con ese pasado.



A recuperación da historia pasa tamén por coñecer os lugares de represión e os de resistencia e loita. Estamos nunha canteira en Paredes que nos lembra a loita da Sociedade de Agricultores e Obreiros de Vilaboa, constituída por traballadores do monte, do campo, das fábricas, na defensa dunha vida mellor durante o tempo esperanzador da II República. Por iso o 20 de xullo de 1936 un grupo de canteiros da localidade foi a Pontevedra a intentar parar o golpe. Nunha camioneta e con escopetas de cazar coellos, que outra cousa non tiñan. Como moito unha pistola requisada a quen quería seguir medrando á costa do seu suor e a fame das súas familias, e apoiaba aos golpistas no afán de que non se lle recoñecera a xente traballadora ningún dereito.



# QUE LLES PASOU AOS CANTEIROS ?

Os canteiros pagaron cara a loita. A sede social que construíran para acoller xuntanzas foi incautada polos falanxistas, que a converteron nun cuartel onde moitos canteiros foron torturados, como paso previo ao asasinato. Pasoulle a Abelardo Sobral. Déronlle tal malleira que, cando o sacaron de alí para matalo, a veciñanza non o recoñecía e tivo que berrar: Son Lamoso de Postemirón! Facía referencia á familia da súa muller, Hermosinda Lamoso, que era desa parroquia. Foi así como souberon que o asasinaran, porque o corpo de Abelardo nunca apareceu.

Tamén mataron a Eligio Rey Freijanes, que aínda que era de Ponte Sampaio casara en Paredes. Non quixo agocharse como fixeron outros canteiros.




*Hermosinda Lamoso*

Tiña que seguir traballando para darlle de comer a súa filla de catro anos, Eugenia, que xa era orfa de nai. Detivérono e levárono a San Simón, para logo sometelo a un Consello de Guerra no que foi condenado a morte. Fusilárono o 2 de marzo de 1937 en Pontevedra.

# HOUBO “TOPOS” EN VILABOA?

Chamouse “**topos**” ás persoas, nomeadamente homes, que, tras o golpe de Estado, metéronse en tobos construídos en cortellos, habilitados baixo as cociñas ou dentro dun armario para fuxir da prisión e mesmo a morte. E alí pasaron semanas, meses ou incluso anos. En Vilaboa houbo varios casos. Por exemplo, o do canteiro de Paredes, Manuel García Amoedo, Manolo da Socorra, que estivo agochado nunha especie de cadaleito que a familia escavou no cortello e que a súa muller, Susa Valladares, recubriu con teas coas súas mans de costureira. Manolo tocaba o fiscorno na banda de Ponte Sampaio, onde Eligio tocaba o bombardino, e os falanxistas leváronllo estando agochado. Entregouse en 1939, igual que José Cerqueiro Regueira, Manuel Pérez Curra, Juan Cal Conde ou Manuel Mata del Río. Outros foron detidos antes. Como Manuel Rodríguez Ríos, Chico Listo e Emilio Conde Conde, Emilio do Tombo, prendidos en 1937.

Tamén atoparon en San Adrián de Cobres a Faustino García Puga e Edelmiro Dios, colléronos e foron torturados no cuartel do Campo da Feira de Pontevedra. García Puga salvou a vida grazas á mediación dun familiar pero a Mirucho Dios asasinárono e, segundo a memoria oral, obrigáronlle a cavar a súa propia tumba no cemiterio de Bora. Faustino foi obrigado a alistarse no exército franquista pero desertou e pasouse ás filas republicanas. Tras a derrota de 1939 exiliouse, primeiro en Francia e logo en Chile, onde viaxou a bordo do barco Winnipeg que fretou o poeta Pablo Neruda. Alí chegaría en 1948 o sogro de Faustino, o socialista Antonio Vidal Vilas, que durante a II República fora tenente de alcalde en Vigo e que, tras o golpe, agochouse nun boco de viño para viaxar ata a casa materna, en Paredes, onde lle habilitaron un oco baixo a cociña que foi a súa vivenda tres anos. Ao saír foi desterrado á Coruña mais nunca abandonou a loita e foi detido en varias ocasións por intentar reorganizar a oposición franquista na clandestinidade.



# COMO FOI A REPRESIÓN CONTRA AS MULLERES NESTA VILA?

Como pasou noutros lugares, os franquistas acosaron mulleres de Vilaboa polo mero feito de estar emparentadas con homes perseguidos, en moitos casos como medida de presión para intentar dar co paradiro destes. Pasoulle a Pepa do Tombo, a compañeira de Emilio Conde, á que visitaban os falanxistas, en busca do home. Ou pasoulle a Lola Cerqueiro. O seu pai, José Cerqueiro Regueira, era un carpinteiro de 44 anos que estivo agochado ata maio de 1939 e, durante ese tempo, os falanxistas de Vilaboa e Moaña ían de noite a súa casa, sacaban a Lola e abusaban dela. Foi rapada, vexada e cando en 1940 detiveron o pai, que estivo preso e foi condenado a traballos forzados, Lola pasou moito tempo pechada na casa, aterrorizada, sen querer saír. Conta a memoria oral que os seus laios escoitábanse nas casas de Toural e Cadavachán.

Tamén Carmen Martínez foi rapada -como Lola do Souto ou Peregrina e Adolfinia de Cadavachán- por non denunciar onde estaba o seu home, Manuel Pérez Curra, agochado tres anos. E non lle deixaron poñer pano para tapar a cabeza. Querían que todo o mundo vise a cruz de pelo que lle deixaran na caluga, para que a súa humillación fose maior. E cando Carmen non puido evitar romper a chorar da rabia, aínda tivo que escoitar a muller dun falanxista que lle dicía: “Chora, chora, que aínda che queda moito por chorar”. A humillación durou décadas. E só a verdade lle fai fronte.





# HOUBO UNHA VILABOA RESISTENTE?

Malia a represión e o medo, tamén houbo unha Vilaboa resistente, que non aceptou as novas regras do xogo imposto. Luciano del Río, mestre de Paredes no tempo da República, foi sometido a un “expediente de depuración” e apartado das aulas, igual que Victoria Martínez, mestra de orixe castelá que exercía na escola do Toural. A el acabaron deixándolle volver sempre que marchase da Galiza. O desterro foi un castigo especialmente empregado con docentes galeguistas. Luciano negouse. Preferiu manter as ideas que o traballo, así que renunciou o seu posto e puxo unha academia na praza da Ferraría de Pontevedra, na que seguro algunha vez cantaruxou algunha das estrofas daquelas cancións republicanas que lles ensinaba ás nenas na escola.



Juan Lago é outro exemplo de loita resistente. O vilaboés loitara contra o fascismo na batalla do Ebro e, tras a derrota do 39, seguiu a facelo no norte de Francia, durante a II Guerra Mundial. Pero os nazis prendérono e trasladárono ao campo de concentración de Mauthausen, onde estivo recluído entre decembro de 1940 e maio de 1945. Segundo conta Non des a esquecemento, para sobrevivir dixo que era perruqueiro e cambiou a súa identidade pola dun compañeiro morto, Alberto Sánchez Martínez, de orixe cubana. En 1943 foi trasladado a Ebensee, campo satélite de Mauthausen, no que entre novembro dese ano e maio de 1945 morreron 8.745 persoas. Cando o campo foi liberado pesaba 37 quilos e foi atendido pola Cruz Vermella e trasladado a París, onde casou.

# E UNHA VILABOA SOLIDARIA?



Tamén a solidariedade foi unha forma de resistencia. Apoiar a quen caera en desgraza era tanto como significarse en contra dos novos mandatarios e podía ter consecuencias. Malia iso, foron moitas as persoas que agocharon xente fuxida. José Valladares Iglesias, Aurelio Cal Bravo, Josefa Cal Conde e Afligida Acuña Mata acabaron no cárcere por ese motivo. E a Román e Edelmira rexistráronlles a casa na procura dun fuxido.

A solidariedade tivo, fundamentalmente, nome de muller. Foron moitas as veciñas de Vilaboa, igual que doutros municipios da contorna, que se converteron en “madrinhas” dos presos da illa de San Simón, e tamén do penal de Figueirido. Como Enedina Conde, a filla de Pepa e Emilio do Tombo, que lle levaba comida e roupa ao seu pai ao Lazareto e logo comida aos presos do cuartel militar vilaboés. Ou as irmás Boullosa, Elba, Zulema e Isabel que lles levaban aos presos comida que as familias encargaban na súa taberna, Casa Riestra. Carmen Acuña Boullosa tiña só 11 anos cando empezou a ir a San Simón levarlle comida ao seu curmán, Manuel Ruzo Boullosa, que durante a República dera clases en Lalín. A súa familia tiña a taberna El Sol, no cruce da estrada a Figueirido, moi frecuentada polos militares. Por alí pasaban os homes que eran trasladados da estación ao penal, a pé, en fileiras de un e atados, durante dous quilómetros.

# ATESOURA MEMORIA VILABOA?



*OS CASAL*



Tamén houbo moitas persoas en Vilaboa que practicaron a resistencia da memoria. Como Eugenia do Chincho, a filla de Eligio Rey. Ou como Otilia Carracelas. O seu pai, Avelino Carracelas, era dirixente da Sociedade de Agricultores e militante no sindicato de carpinteiros da ribeira. Por iso foron por el. Detivérono o 8 de setembro e tras pasar pola Escola Normal, convertida en cárcere, levárono a San Simón. A súa casa estaba tan preto que mesmo podía vela desde a illa pero, malia iso, Otilia, que daquela tiña 6 anos, nunca puido ir de visita. Non tiña calzado nin roupa. Cubríase cun vestido feito con sabas vellas, tan raído que á súa nai dáballe vergoña levala á illa. Nin sequera a levaba á escola. Mais Avelino foi un dos presos obrigados a traballar na construción do camiño que unía a estrada de Cangas co peirao de Peilán, en Santa Cristina. E a súa muller ía cada día ata a obra levarlle comida. Así que un día Otilia foi tras ela e cando mirou o pai, correu cara a el e deulle tantos bicos e apertas, que Avelino rompeu a chorar e ata o garda que o custodiaba chorou con el, tanta foi a emoción do momento.



Pero o relato franquista quixo presentarnos a todos eses homes e mulleres que só loitaron por legarlles un mundo mellor ás súas descendencias, como xente merecedora do peor dos castigos. Roubáronlles a memoria e mesmo a identidade. Democracia Casal, filla doutro preso de San Simón, José Casal, foi rebautizada á forza polos fascistas como Lucrecia. E o mesmo día, na mesma igrexa, a de San Adrián de Cobres, puxéronlle a outra nena chamada Libertad, o nome imposto de Berta.

José Casal, o seu irmán, Belarmino Casal, e o seu curmán, Rogelio Calvar, eran carpinteiros de ribeira, militantes socialistas e directivos da Sociedad de Agricultores e da Sociedade de Obreros de Construcción Naval, afecta á UXT. Tras o golpe foron perseguidos e estiveron en San Simón, e no penal de Ezkaba, ademais de ser obrigados a facer traballos forzados.



**Hoxe, Vilaboa segue facendo memoria a través do colectivo A Regaduxa.**

# PERO ESTAS COUSAS DO PASADO, QUE TEÑEN QUE VER CON NÓS?

Ás veces parece que estas cousas pasaron hai mil anos, pero a verdade é que foi antonte. E máis alá da represión exercida contra as vítimas directas e o padecemento que esta supuxo para as súas familias, temos que ser conscientes de que a ditadura foi un castigo para o conxunto da sociedade ao frear os avances que se estaban xestando e dar marcha atrás en moitos dos dereitos conseguidos por e para as familias humildes da clase traballadora. Nunca saberemos as melloras que se terían acadado de non acabar co tempo vizoso no que persoas como Alexandre Bóveda, Castelao ou Ernestina Otero traballaban para construír unha sociedade mellor, máis culta e máis xusta. E iso perdémolo. É importante, tamén, ter memoria para loitar contra os fascismos que seguen agromando. E non hai arma máis poderosa para esa loita que a información e o coñecemento da historia. Como sempre se di, un pobo que non coñece o seu pasado está condenado a repetilo. Por iso para nós é tan importante compartir coa mocidade o noso traballo da memoria. Para poder berrar ben forte:

## A MEMORIA TEN CANTEIRA !!

**Revista realizada polo departamento de Memoria  
Histórica do Servizo de Patrimonio Documental e  
Bibliográfico da Deputación de Pontevedra para o  
Canteira Fest celebrado en Paredes o 16 e 17 de  
setembro de 2022**



